

Memoria de Helena e María

Roberto Salgueiro



Teatro do Atlántico

Temporada 2010/2011. XXVI Temporada
(1985-2010: XXV Aniversario)

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2010-2011

Memoria de Helena e María, de TEATRO DO ATLÁNTICO

Salón Teatro. Santiago de Compostela

Xoves 20 de febreiro, venres 21 e sábado 22 ás 20.30 h; domingo 23, ás 18.00 h

Venda de entradas:

> Venda anticipada na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es

> Venda no despacho de billetes do Salón Teatro desde dúas horas antes do comezo de cada función

Prezo das localidades:

10 euros para as funcións de xoves a sábado (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xoven e desempregados) e 5 euros, o domingo, día do espectador

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Memoria de Helena e María

(Premio Abrente de Teatro 2006)

Texto orixinal de Roberto Salgueiro

SINOPSE ARGUMENTAL

Nos meses previos á guerra civil, nunha vila de Galicia, prodúcese o primeiro encontro entre Helena e Manuel. Un encontro que había desembocar nun amor inmenso: *“.....e entrou el. Ao pasar ao meu carón sorriume, fitoume, e xa non houbo máis olladas nin máis soños. Amar. A miña vida comeza nel”* (Helena. Escena VII)

A chegada da guerra de 1936 vai levar a Manuel ao fronte republicano, e a súa vida vai rematar en Albacete un ano despois: *“Está enterrado nunha foxa común a doce quilómetros de Quintanar del Rey”* (Helena. Escena 1)

Á morte de Manuel, Helena, a súa viuva, fica na Vila, coa súa pequena filla, María, froito daquel amor, e con outra herdanza, deixada tamén polo seu home, que ha traer dramáticas consecuencias. Sesenta anos despois, por boca da súa filla, imos coñecer as características da tal herdanza e as consecuencias da súa conservación.

Polo medio, incluso, convento, máis guerra civil, emigración, fariña de millo, memoria sensitiva, memoria histórica, lembranzas maravillosas, vinganzas, amores, soños, casa de bonecas, dozura,... libros.

FICHA TÉCNICA

<u>Autor</u>	<u>Roberto Salgueiro</u>
<u>Música orixinal</u>	<u>Fran Pérez "Narf"</u>
<u>Espacio escénico</u>	<u>Rodrigo Roel</u>
<u>Vestuario</u>	<u>Susa Porto</u>
<u>Diseño mobiliario e "atrezzo"</u>	<u>Rodrigo Roel</u>
<u>Diseño de iluminación</u>	<u>Xúlio Lago</u>
<u>Fotografía/diseño cartel/grafismo</u>	<u>Tino Viz/Margen</u>
<u>Axudante de dirección</u>	<u>M^a Pilar Martínez ("Pilocho")</u>
<u>Dramaturxia e dirección</u>	<u>Xúlio Lago</u>

Intérpretes:

Helena.....Lucía Regueiro

María.....María Barcala

Técnicos de escena

Antón Arias

Marcos Vieitez

EQUIPO ARTÍSTICO

XÚLIO LAGO, dirección de escena e deseño de iluminación

Comeza a súa actividade profesional no ano 1974, en Vigo, coa creación do grupo “**Esperpento**” con intensa actividade creativa e organizativa na cidade durante varios anos, trasladándose a Madrid en 1978, e promovendo alí a creación do grupo “**La Picota**”, compañía que alcanza gran repercusión de crítica e público por todo o Estado. Retornado a Galiza, dirixe “**Teatro da Mari-Gaila**” (Santiago de Compostela, 1979-1984).

No ano 1984 forma parte do colectivo de profesionais que promoven a creación do **Centro Dramático Galego**. Crea e dirixe a Compañía “**Teatro do Atlántico**”, 1985, coa que desenvolve un traballo fundamentalmente de dirección coa posta en escena de textos de autores contemporáneos como Ibsen, Fassbinder, Heiner Müller, Roberto Salgueiro, Garcia Lorca ou Harold Pinter.

Paralelamente ao seu traballo en **Teatro do Atlántico**, ten colaborado con outras compañías, entre as que cabe subliñar o traballo feito coa **Compañía Teatro do Noroeste de Viana do Castelo, Talía Teatro ou Lagarta Lagarta**. Ten participado tamén periodicamente como actor en varios espectáculos do CDG, asumindo a dirección de cinco das producións da compañía institucional: *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste, *A noite vai coma un río*, de Álvaro Cunqueiro, *Seis personaxes á procura de autor*, de Pirandello, *Woyzeck*, de Büchner e recentemente *As Actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño.

MARÍA BARCALA, intérprete de María

Na súa intensa e ininterrompida actividade profesional, iniciada con “**Teatro da Mari-Gaila**” (Compostela, 1979), leva incorporado a moitos dos grandes personaxes femininos na historia do teatro moderno, como a Nora de *Casa de bonecas*, de Ibsen, a Marteuil de *Quartett*, de Heiner Müller, a marabillosa Natalia de *O cerco de Leningrado*, de Sanchis Sinisterra, a inmensa Clitemnestra de *Clitemnestra ou o crime*, de Marguerite Yourcenar, a Dona Inés de *A noite vai coma un río*, de Cunqueiro ou a Rosalía de Castro, de *Rosalía*, de Otero Pedrayo.

De especial valoración son merecentes as súas creacións de *Solo para Paquita*, de Ernesto Caballero, *A marabillosa historia de Marly*, a *vampira de Vila de*

Cruces, de Carlos Queiroz, ou a Maureen de *A raíña da beleza de Leenane*, de Martin McDonagh.

Entre outras das compañías coas que ten traballado figuran “**Teatro Guirigai**” (Madrid), **Ítaca Teatro** (Compostela) ou **Teatro do Noroeste** (Compostela), ademais de formar parte durante varias temporadas do elenco estable do **Centro Dramático Galego** e de **Teatro do Atlántico**, compañía da que é cofundadora.

Na súa traxectoria, figura un traballo continuado de formación, participando en cursos e seminarios con especialistas en diversas materias teatrais, como Natalia Zvereva, Albert Boadella, Martín Adjemián, Eduardo Puceiro, María Ruíz, Augusto Fernández, José Sanchis Sinisterra, Nikolai Karpov, Judith Wainer, Irina Promptovna, Jesús Aladrén, etc.

LUCÍA REGUEIRO, intérprete de Helena

Actriz cunha moi longa traxectoria de traballo en teatro afeccionado (máis de quince espectáculos interpretados neste sector, entre outros: *Electra*, de Eurípides, *Miles Gloriosus*, de Plauto, *Anfitrión*, de Plauto, *Gemelos*, de Plauto, *Amarillo Molière*, de Blanco-Caballero, etc.), inicia a súa actividade profesional no ano 2004, protagonizando *El hada del abanico verde*, de Teresa Núñez, con dirección de Antonio Simón, e desde entón mantén unha actividade continuada de traballo tanto en teatro como en televisión.

No ano 2004 participa no espectáculo *Camiño Longo*, de Luis Rei, con Teatro do Aquí e posteriormente, en *El carnaval de los animales* (Concertos didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia) con dirección de Antonio Simón; *Seis personaxes á procura de autor*, de Luigi Pirandello, Centro Dramático Galego; *A bombilla máxica* de Woody Allen, e *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure, con Teatro do Atlántico, ambos espectáculos con dirección de Xulio Lago; e *Zardigot*, de Euloxio R. Ruibal, Espello Cóncavo, con dirección de Arturo López.

No audiovisual desenvolve na actualidade unha ampla actividade, con papel protagonista na serie *Libro de Familia* e participación noutras series como *A vida por diante*, *Mareas vivas*, e tv. movies e curtametraxes.

ROBERTO SALGUEIRO GONZÁLEZ, autor

Nacido en Caracas, Venezuela, en 1966 é licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e DEA en Teoría da Literatura e Literatura Comparada.

Premio Álvaro Cunqueiro 1988, con *O arce do xardín*
Finalista do Premio Álvaro Cunqueiro 1989, con *Historia de Neera*
Premio Álvaro Cunqueiro 2000, con *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado*
Finalista do Premio Rafael Dieste 2001, con *Matanza*
Premio Álvaro Cunqueiro 2002, con *Molière final*
Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro 2002, con *Apnea*
Premio de Teatro Abrente 2006, con *Memoria de Helena e María*
Premio Álvaro Cunqueiro 2008, con *Historia de chuvia que cae todos os días*

Director da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 1990, ten publicado diversos ensaios e traducións sobre a práctica teatral e dirixido para diversas compañías de teatro e institucións públicas.

Os seus traballos como director de escena e autor presentáronse en numerosas localidades de Galicia e España así como en Bélxica, Francia, Países Baixos, Noruega, Alemaña, Portugal, Marrocos, Porto Rico, Estados Unidos...





A COMPAÑÍA

Teatro do Atlántico leva realizadas ata o momento 26 producións, entre as que podemos suliñar *Casa de Bonecas*, de Ibsen, *A noite das Tríbades* de Olov Enquist, *O cerco de Leningrado*, de Sanchis Sinisterra, *O encoro*, de Conor McPherson, *A raíña da beleza de Leenane*, de Martín McDonagh ou *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure.

As súas producións son representadas por toda Galicia e teñen realizado xiras por case todas as autonomías do Estado español, con participación tamén en numerosos festivais nacionais e internacionais de teatro, con xiras por Arxentina, Venezuela, Portugal ou Uruguai, presentando sempre os espectáculos en lingua galega.

María Barcala, Casilda García, Susana Dans, María Bouzas e Gonzalo M. Uriarte recibiron importantes premios de Interpretación en papel Protagonista por traballos realizados en producións desta Compañía, premiada tamén varias veces nos apartados de Dirección e Iluminación (Xúlio Lago), Escenografía (Antonio F. Simón e Carlos Alonso), Actor Secundario (Toño Casais) ou Mellor Espectáculo (*A noite das tríbades*, *O encoro*, *A raíña da beleza de Leenane* ou *Unha primavera para Aldara*).

Coa produción de *Memoria de Helena e María* celebra o seu **25 ANIVERSARIO** e inicia á súa **XXVI TEMPORADA**.